

Ler para saber A CIENCIA

Charlas e obradoiros de divulgación científica dirixidos a nenas e nenos,
a partir de 10 anos, adolescentes e para público en xeral

Lugar: Biblioteca Central Rialeda. Perillo
Horario: 18:30 h

Ola, somos **Manuel Gago**
e **Soledad Felloza**
e o 25/04/2014 estaremos en **Rialeda**
coa charla titulada



**"Na procura dos deuses da Idade do
Ferro. Da ciencia á fantasía con
"Vento e chuva"**

nesta sinxela guía podes consultar
algúns libros que a biblioteca
seleccionou para ti relacionados coa
mitoloxía da Antiga Gallaecia e outros
lugares lexendarios!!!



"Diccionario dos seres míticos galegos", de X. R. Cuba, A. Reigosa e X. Miranda

Do A ao Z: desde Abelurio a Zugota, neste dicionario
podes consultar os individuos que pertencen a razas
míticas, demos e anxos, personaxes da historia mítica de
Galicia, animais, plantas, augas, pedras, ríos, estrelas,
fantasmas, ánimas, lugares míticos, e un longo etcétera.





"Historia de las tierras y los lugares legendarios" de Umberto Eco

Fermoso libro que trata de terras e lugares que
van desde inmensos continentes, a pobos,
castelos ou vivendas, aqueles que agora ou no
pasado crearon utopías, ilusións, e que fan
crer a moita xente, que existen ou existiron
nalgún sitio.

"As cidades invisibles" de Italo Calvino

Hai cidades patrimonio da humanidade, cidades-estado, cidades
que definen territorios, culturas, formas de pensar e de vivir. E hai
cidades patrimonio da imaxinación, como as descritas neste libro
polo maxistral Italo Calvino. A partir dunha conversa imaxinaria
entre Marco Polo e o Kublai Khan vaise tecendo unha rede de
urbes, todas con nome de muller, metáforas da sociedade e da
existencia.







“Vento e chuva: mitoloxía da antiga Gallaecia” de Manuel Gago e Manel Cráneo
 Reue, Bandua, Cossue, Nauia, Lugoue, Berobreos, Poemana, Bormánico, Sulas Nantugaicas e Vestio Alonieco: dez extraordinarios deuses da Antiga Gallaecia, descoñecidos para moita xente, vivificados neste libro. Viaxan os mitos desde a pausada noite dos castros á apresurada noite da sociedade globalizada. Conéctate ás lendas da man do texto de **Gago** e as ilustracións de **Cráneo**. Segue a emoción en www.ventoechuvia.com

“Guía da Galiza máxica” de Vitor Vaqueiro

Trátase dun auténtico roteiro dos mundos da maxia, a lenda, o mito e o conto marabilloso do país dos castros, tesouros, encantamentos, covas e furnas. Na segunda parte, O lugar da lenda, no noso concello atopamos dúas: “A árbore das tres torondas” e “A sereíña do mar”.



“Guía ilustrada da Galicia invisible”, de Antonio Reigosa

Como di o subtítulo, este libro fala de cidades, vilas e lugares desaparecidos, illas misteriosas, covas impenetrables, personaxes etéreos, montes aparentes, pozos insondables... a Galicia invisible onde moran seres anfibios e aqueloutros capaces de pasar do mundo noso ao que temos que imaxinar.

“Geografía mágica” de Ana Cristina Herreros

Nun relato interminable, van pasando de xeración a xeración as lendas, como sons dunha melodía engaiolante. Montañas que debuxan a silueta dunha muller durmida, xigantes que carrexan enormes pedras e fontes encantadas conforman a maxia da que todos-as estamos feitos-as.

